



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA CONSTRUIR UN MURO NO NOIRO EXISTENTE ENTRE A AC-550 E O CAMIÑO AGRÍCOLA NO LUGAR DE LAMAS-ABUÍN.

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Luís Oujo Pouso, na súa condición de alcalde do Concello de Porto do Son actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria, para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Na marxe esquerda da estrada autonómica AC-550, no pp.qq 90+240 na parroquia de San Pedro de Baroña, ao norte do núcleo rural de Abuín, entronca o camiño agrícola de titularidade municipal que serve de acceso a varias parcelas situadas nos lugares de Lamas, Loncras e Toxodelo pertencentes ao concello de Porto do Son.

Segundo. O escaso ancho dispoñible entre vías xera un noiro de pendente 1/1 escavado nun substrato granítico de alta porosidade, apenas sostido por un muro de repé de 1,50 m de altura que debido ás copiosas choivas do outono de 2022 sufriu escorregadas no tramo de máis pendente que desaconsella o seu uso por razóns de seguridade vial.

Terceiro. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello de Porto do Son, trata de fomentar aqueles investimentos que melloren as condicións de explotación das infraestruturas e o seu uso, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.





Dado que a estrutura actual do noiro desaconsella o uso do camiño agrícola polo risco de escorregadas é preciso realizar obras para que os propietarios das parcelas poidan acceder ás mesmas sen risco para a súa integridade física.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Porto do Son para construír un muro no noiro existente entre a AC-550 e o camiño agrícola no lugar de Lamas-Abuín.

Construirase un muro de contención de xeometría irregular duns 30,00 m de lonxitude e 5,00 m de altura máxima, sen considerar a zapata. O muro arrancará tras o muro de repé existente cunha cota lixeiramente inferior de xeito que garanta a estabilidade do desnivel e xere un maior ancho do camiño que mellore as súas condicións de seguridade.

O orzamento necesario para a execución destas obras estímase en **corenta e dous mil novecentos trinta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (42.935,83 €)** IVE engadido. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación e máis o IVE.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE PORTO DO SON

O Concello de Porto do Son obrígase a:

- Redactar o documento técnico que defina as obras que en todo caso deberá de ser aprobado pola AXI.
- Poñer a disposición da axencia os terreos necesarios libres de cargas para poder executar as obras.
- Asumir, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Axencia Galega de Infraestruturas, a explotación, mantemento e conservación como ente titular das mesmas.





TERCEIRA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de:

1. Financiar as obras destinando para iso ata un máximo **corenta e dous mil novecentos trinta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (42.935,83 €)** con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.600.1, código de proxecto 2018-00012 distribuído nas seguintes anualidades:

Ano	Importe
2023	21.467,91
2024	21.467,92

2. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas e formalizar os actos de recepción das mesmas.

3. Unha vez producido o acto formal de recepción das obras a axencia poñerá en coñecemento do concello de Porto do Son, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.

CUARTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Porto do Son.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula terceira.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. - NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.





SEXTA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

1. As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas visto o informe da Comisión de Seguimento, pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.
2. Serán causas de extinción deste convenio a inviabilidade da realización das actuacións descritas por causas non imputables ás partes así como a renuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes asinantes.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata a entrega das obras e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2024.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas O alcalde do Concello de Porto do Son

Ethel M^a Vázquez Mourelle

Luís Oujo Pouso

